



## MODIFICACIÓN NA LEI DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA (Proposta para as organizacións sindicais)

- Modificación do **artigo 14.2.b)** da Lei de Emprego Público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 14.2.b): Proponer ao Consello da Xunta de Galicia os proxectos de normas de xeral aplicación ao emprego público. Cando se trate de proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeito a un réxime singular ou especial, a proposta será **por iniciativa da persoa titular da consellería sectorialmente competente**.

- Modificación do **artigo 14 d)** da Lei de Emprego Público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 14 d): Convocar e resolver os concursos **ordinarios** de provisión de postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

- Modificación do **artigo 17.2. f)** da Lei de Emprego Público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 17.2 f): **Convocar e resolver os concursos específicos de provisión de postos de traballo relativos a súa consellería, incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.**

- Modificar o **artigo 48.3** que queda redactado como segue:

48.3 As ofertas de emprego público poden prever que as prazas reservadas para persoas con discapacidade se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente **serán de características similares** as que se realicen nas convocatorias ordinarias e as persoas que participen nelas deberán acreditar o grao de discapacidade indicado. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse na porcentaxe reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade.

➤ **Engadir** no **artigo 55** o punto 5:

5 Para asegurar a protección das vítimas de violencia de xénero durante o desenvolvemento dos procesos selectivos e nas listas de contratación temporal , serán adoptadas todas as medidas necesarias para a salvagarda dos seus dereitos e intereses, e en especial a protección dos seus datos persoais nos termos establecidos no artigo 72.3.a).

➤ Modificación do **artigo 77 a) e b)** da Lei 2/2015, do 20 de abril, que queda redactado como sigue:

Regulamentariamente establecerase un sistema de carreira horizontal para o persoal funcionario de carreira sobre a base dos seguintes principios:

- a) Dentro de cada corpo ou escala existirán **categorías profesionais** divididas en graos de ascenso, aos cales irá vinculada a contía do complemento retributivo de carreira previsto nesta lei.
- b) O persoal funcionario de carreira de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal de novo ingreso será necesariamente a **categoría inicial** e o grao inferior desta.

➤ Modificación do **artigo 129.2** da Lei de emprego público de Galicia que queda redactado como segue:

2. As licenzas previstas neste artigo pódense conceder igualmente ao persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen na mesma Administración en que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, **poderá optarse entre percibir as retribucións que correspondan pola condición de funcionario/a de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas.** Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen nunha Administración distinta daquela en que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, percibiranse necesariamente as retribucións fixadas nesta última para o persoal funcionario en prácticas.



- Modificación do **artigo 146.3** que debe quedar redactado como segue:

146.3: As Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, acade o 100% das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.

- Modifícase o apartado 2 da **Disposición adicional novena**. Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e queda redactado como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de enxeñeiros técnicos	Enxeñaría técnica de obras públicas	A2	Execución técnica e realización dos traballos propios da titulación exixida e das funcións concre-tas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo, de ser o caso, baixo a dirección e supervisión dos funcionarios da escala superior.	Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de obras públicas.
	Enxeñaría técnica industrial			Enxeñeiro Técnico Industrial ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico industrial.
	Enxeñaría técnica forestal			Enxeñeiro Técnico Forestal ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal.
	Enxeñaría técnica agrícola			Enxeñeiro Técnico Agrícola ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola.
	Enxeñaría técnica de minas			Enxeñeiro Técnico de Minas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas.
	Enxeñaría técnica de telecomunicación			Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación.
	<b>Enxeñaría técnica en Topografía</b>			Enxeñeiro Técnico en Topografía ou graduado nunha titulación que habilite

				para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico en topografía.
--	--	--	--	---

- Modifícase o apartado 1 da **Disposición adicional novena**. Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e queda redactado como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros		A1	Impartir as ensinanzas marítimo-pesqueiras nas súas distintas especialidades, tanto teóricas como prácticas.	Licenciado/ Grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor.
Escala de profesores de capacitación agraria		A1	Impartir as ensinanzas de capacitación e formación profesional agraria, nas diferentes modalidades docentes.	Licenciado/ Grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor.

- **Engadir Disposición Adicional Decimo Cuarta** á Lei de Emprego Público de Galicia que queda redactada como segue:

**Disposicion adicional decimo cuarta: Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia.**

1.-A segunda actividade, que en todo caso é voluntaria para o persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia consistirá no pase á realización de tarefas que non comporten unha prestación directa de labores de extinción de incendios.

2.-Poderán solicitar pasar á segunda actividade o persoal das escalas de axentes forestais e facultativos medioambientais, que cumpran os requisitos que a seguir se indican:

a) Ter cumpridos os 60 anos de idade.

b) Ter desempeñados 25 anos de servizo nestas escalas.

c) Formular solicitude nos termos previstos regulamentariamente.

3.-O persoal en segunda actividade percibirá a totalidade das retribucións que lle correspondan polo posto de traballo que efectivamente pase a desempeñar.

4.- Regulamentariamente desenvolverase o réxime aplicable á segunda actividade deste persoal, previa negociación coas organizacións sindicais.

➤ Derogación do **artigo 2** da Lei 1/2012, de 29 de febreiro:

A derogación deste artigo é como consecuencia de modificar a redacción do artigo 146.3 da Lei de emprego público de Galicia, restituíndo o percibo do 100% nos casos de incapacidade temporal e licencia por enfermidade.

## **Artículo 2 Incapacidad temporal**

**Uno.** Las administraciones y entidades incluidas dentro del ámbito de aplicación de la presente ley aplicarán, además de lo previsto en la [Ley de la Seguridad Social](#), las reglas siguientes para proceder al abono del complemento por incapacidad temporal para el personal a su servicio:

- **1.** Se abonará un complemento hasta alcanzar el 100% de las retribuciones desde la fecha de inicio de la situación de incapacidad temporal por contingencias profesionales y por las contingencias comunes que generen:
  - – Hospitalización.
  - – Intervención quirúrgica.
  
- **2.** En los casos de incapacidad temporal por enfermedad común o accidente no laboral el complemento se calculará de conformidad con las reglas siguientes:
  - **a)** Desde el primer día de la situación de incapacidad temporal hasta el tercer día inclusive se abonará un complemento hasta alcanzar el 50% de las retribuciones cuando sea la primera baja en el año natural, y un complemento hasta alcanzar el 40% en la segunda baja. Para bajas posteriores no se abonará dicho complemento.



- **b)** Desde el cuarto día de la situación de incapacidad temporal hasta el vigésimo día inclusive se abonará un complemento hasta alcanzar el 75% de las retribuciones.
- **c)** A partir del día veintiuno se abonará un complemento hasta alcanzar el 100% de las retribuciones.

**3.** Los empleados y empleadas públicos percibirán un complemento a la prestación económica para que perciban el 100% de su retribución en las situaciones de:

- Maternidad
- Riesgo por embarazo.
- Riesgo durante la lactancia natural.
- Paternidad.

**Dos.** Lo dispuesto en este artículo será de aplicación a las situaciones que se produzcan a partir de la fecha de entrada en vigor de la presente ley.